

Expediente núm.: 72/2025

Convenio

Procedemento: Subvencións Directas ou Nominativas

Data de iniciación: 09/01/2025

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SOUTOMAIOR E CLUB PATINAXE ARTÍSTICA SOUTOMAIOR

Reunidos en Soutomaior, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte **D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Alcalde de Soutomaior** (Pontevedra), e con DNI núm. 76998594E quen intervén en nome e representación do Concello de Soutomaior con CIF núm. P36053006, co domicilio en r/ Alexandre Bóveda 13, (Soutomaior), C.P 36691.

De outra parte , **D^a Ruth María Cameselle Costas** con DNI núm. 36144819C na súa calidade de Presidenta do **CLUB PATINAXE ARTÍSTICA SOUTOMAIOR** con CIF **G94052719** , á que representa no presente acto, con enderezo a efectos de notificación cpasoutomaior@gmail.com

Actúan ambos coa representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, recoñecéndose reciprocamente os asinantes do presente documento plena capacidade, de acordo coas súas respectivas representacións, para á firma do presente CONVENIO e de mutuo acordo

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o Concello de Soutomaior, de conformidade co establecido no artigo 25.2.l e m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ten competencia propia para a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre e Promoción de la cultura y equipamientos culturales.

Para conseguir este obxectivo na Base 59^a de execución do Orzamento de 2025 contémpanse dentro da aplicación orzamentaria **341.480** as subvencións nominativas destinadas ás entidades deportivas con máis raizame no noso termo municipal e no Anexo de Subvencións nominativas se contempla a subvención ao **CLUB PATINAXE ARTÍSTICA SOUTOMAIOR** por importe de **2.100,00 €** para **realización de actividades deportivas e mantemento e promoción do deporte**

SEGUNDO. Que o **CLUB PATINAXE ARTÍSTICA SOUTOMAIOR**, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co **núm 42**, é unha asociación deportiva.

Que os convenios entre os concellos e as asociacións constitúen un instrumento



adequado para a formalización de subvencións nominativas concedidas no marco do orzamento municipal do concello para o exercicio de 2025, tal e como se establece na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Base nº 56ª e seguintes das de execución do orzamento municipal.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente Convenio é regular a colaboración entre o Concello de Soutomaior e o Club Patinaxe Artística Soutomaior deste xeito manter e promover o deporte de conformidade coas competencias propias do Concello.

SEGUNDA.- O Club Patinaxe Artística Soutomaior , comprométese a:

- Realizar as actividades previstas na memoria presentada (Patinaxe artística)
- A subscribir os correspondentes seguros de responsabilidade civil, seguro de accidentes, e calquer outro que proceda durante o tempo de vixencia do convenio.

TERCEIRA.- O Concello de Soutomaior comprométese a achegar unha subvención de **2.100,00 €** con cargo a partida 341.480 do Orzamento Xeral do ano 2024, para a realización das actuacións contidas no presente convenio e que son:

- Exhibición de patinaxe, participación campións oficiais patinaxe: Equipacións deportivas, vestiario, material deportivo, gastos federativos

A subvención irá destinada a financiar operacións correntes. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo de duración do presente convenio, dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025. Non se consideran gastos subvencionables os gastos de mantemento ordinario.

CUARTA. Establécense como obrigacións por parte do **CLUB PATINAXE ARTÍSTICA SOUTOMAIOR**

- Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poida facer o Concello, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio de súas actuacións.
- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.



- Facer constar de forma clara que a actividade se realiza en colaboración con este Concello , incorporando o logotipo do Concello de Soutomaior nos exemplares dos programas, folletos, carteis, convocatorias de actividades, información gráfica escrita ou sonora e demais documentación promocional e material utilizado no desenvolvemento da actividade subvencionada.
- Presentar antes do **15 de novembro de 2025** a conta xustificativa que acredite o cumprimento do obxecto da subvención que deberá estar asinada por quen ostente a representación legal do beneficiario.
- Reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nos artigos 91 a 93 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.¹

QUINTA. O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025 e extinguirase por vencemento deste prazo.

¹. Con relación a xustificación da subvencións, téñase en conta o artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os artigos 69 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2003, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e, especificamente, o punto 15º da Ordenanza Xeral reguladora do Réxime xurídico das subvencións outorgadas polo Concello de Soutomaior, que determina como documentos para a xustificación, os seguintes:

1. Memoria detallada da actividade asinada por un representante da asociación.
2. Relación detallada de ingresos e gastos da actividade subvencionada, incluíndo facturas compulsadas do total dos gastos da actividade (Anexo II)
3. Facturas orixinais polo importe subvencionado. As facturas deben corresponder á actividade obxecto da subvención e deberán emitirse a nome da Asociación, e cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación. Deberán conter como mínimo:
 - Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
 - Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.
 - Descrición do servizo ou subministro prestado.
 - Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.
4. Xustificante bancario do pago correspondente ás facturas achegadas. Non se admitirá outro tipo de xustificante de pago que non sexa do banco.
5. Acreditación da publicidade do financiamento público da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como lendas relativas ou financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, páxina web, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
6. Relación das subvencións obtidas doutras Administracións ou Entidades Públicas ou privadas para o mesmo obxecto, en caso negativo, deberá deixarse constancia dese feito mediante a correspondente declaración responsable (Anexo III)
7. Xustificación de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta, e Axencia Estatal da Administración Tributaria (Anexo III). No caso de subvencións superiores a 4.000,00 € será preciso presentar os certificados das entidades correspondentes.
8. Calquera outro que sexa solicitado polo concello.



SEXTA. No non previsto neste Convenio estarase ao disposto na Base 58ª de execución do Orzamento de 2025, na Ordenanza Xeral Reguladora do Réxime Xurídico das Subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de data 30/01/2024, e no previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento la Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Para que así conste e en proba de conformidade, asino no lugar e data arriba indicados, do que, como Secretaria, dou fe.

O ALCALDE

Asdo.: Manuel Antonio Lourenzo Sobral

O PRESIDENTE

Asdo: Ruth María Cameselle Costas

A SECRETARIA

Asdo.: María Jesús Rodríguez Freire

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

